



Moodle Mobile é a app oficial móbil de Moodle para **Android**, **iOS**, e **Windows Phone**. Está dispoñible na tenda de apps de Android (Google Play), na tenda de apps de Apple (App Store) e nas tendas de apps de Windows.

Esta app únicamente funcionará cos sitios Moodle (Aulas Virtuais) que estean previamente configurados para permitilo. A configuración necesaria debe ser realizada polo/s administrador/es de cada "Aula Virtual (Moodle).



Descarga os contidos dos teus cursos e traballa cómodamente sen conexión !



Xestionar ficheiros

- Subir un ficheiro á área de ficheiros privados
- Grabar un audio ou vídeo e subilo directamente á área de ficheiros privados
- Ver e descargar os teu ficheiros privados
- Ver e descargar os ficheiros do curso



Traballar no curso

- Acceso rápido aos contidos do curso
- Descargar e ver algúns dos recursos do curso
- Ver os módulos "Libro" e "Paquetes de contido IMS"
- Participar nas actividades (escolla, consulta, ...)
- Participar nos chats do curso
- Ver os foros e os debates
- Ver as cualificacións de actividade e as cualificacións totais do curso



Interactuar cos demais usuarios

- Mensaxería privada entre usuarios
- Enviar unha mensaxe privada a un participante do curso
- Ver todas as túas notificacións e mensaxes privados recibidos
- Engadir a un participante do curso á túa axenda de contactos do teléfono
- Chamar a un participante do curso ao pulsar no número de teléfono
- Localizar a un participante do curso en Google Maps




Recibir información

- Ver eventos do calendario
- Notificacións recordatorias para eventos de calendario
- Recibir notificacións "Mobile Push"
- Integración ao calendario con recordatorios e advertencias
- Ver as notas do sitio, do curso e as persoais

Para que a app **Moodle Mobile** poida conectar coa Aula Virtual do centro educativo, é necesario que o centro dispoña da versión de **Moodle 2.6** (non é posible con ningunha versión anterior) e realizar algunhas configuracións que unicamente pode realizar un administrador da propia aula virtual.

As configuracións necesarias resúmense nos seguintes **4 pasos**.




The image shows two screenshots from the Moodle administration interface. The left screenshot shows the 'ADMINISTRACIÓN' menu with 'Móbil' selected under 'Servizos web'. The right screenshot shows the 'Móbil' configuration page with the 'Activar os servizos web para móbiles' checkbox checked and highlighted by a red circle and arrow. The 'Gardar os cambios' button is visible at the bottom right.

PASO 1

Menú = Administración do sitio -> Engadidos -> Servizos web -> Móbil

Nesta pantalla debes marcar a opción "Activar os servizos web para móbiles" e finalmente pulsar o botón "**Gardar os cambios**".



Moodle Mobile additional features

Type of login Predeterminado/a: Via the app
local_mobile | typeoflogin
Choose the type of login

URL scheme Predeterminado/a: Baleiro
local_mobile | urlscheme
Use this setting to force the URL scheme for login via a browser window. In most of the cases it should be left empty.

SCORM module specific settings

Protect package downloads Predeterminado/a: Non
local_mobile | mod_scorm_protectpackagedownloads
If enabled, SCORM packages can be downloaded only if the user has the course:manageactivities capability. If disabled, SCORM packages can always be downloaded (by mobile or other means).

[Check plugin configuration](#)

Gardar os cambios

PASO 2

Menú = Administración do sitio -> Engadidos -> Plugins locais -> Moodle Mobile additional features

Nesta pantalla xa debe aparecer seleccionada a opción "Via the app" no desplegable "Type of login" (se non é así, selecciona esa opción e pulsa o botón "**Gardar os cambios**").

A continuación, pulsa no enlace "**Check plugin configuration**" para acceder á pantalla que mostra os seguintes pasos.



Paso	Estado	Descrición
1. Activar os servizos web	Si	Os servizos web deben estar activados nas «Características avanzadas».
2. Activar os servizos web para móbiles	Si	Activar o servizo para móbiles para o aplicativo oficial de Moodle ou outro aplicativo que o solicite. Para obter máis información lea a Documentación de Moodle
3. Enable the Moodle Mobile additional features service	Si	This service must be enabled.
4. Grant permissions to the authenticated user role	Si	Edit the Authenticated user role and allow the capability moodle/webservice:createtoken

PASO 3

Na columna "**Estado**" que mostra esta pantalla deben configurarse coa opción "**Si**" os 4 pasos que se describen na propia pantalla.

Os dous primeiros xa deberían aparecer como "**Si**" se realizamos correctamente os dous pasos anteriores.

Para configurar o **paso 3**, debemos pulsar sobre o texto "**Enable the Moodle Mobile additional features service**". Na pantalla que nos mostra, debemos marcar a opción "**Activado**" e finalmente pulsar o botón "**Gardar as modificacións**".



Crear unha ficha de servizo web moodle/webservice:createtoken	<input type="radio"/> Non establecido	<input checked="" type="radio"/> Permitir	<input type="radio"/> Impedir	<input type="radio"/> Prohibir
--	---------------------------------------	---	-------------------------------	--------------------------------

PASO 4


Para configurar o **paso 4**, volvemos á pantalla anterior (paso 3) e pulsamos sobre o texto "**Grant permissions to the authenticated user role**".

Na pantalla que nos mostra a continuación, debemos buscar a entrada "Crear unha ficha de servizo web (moodle/webservice:createtoken)" e marcar a opción "**Permitir**".

Para finalizar pulsa o botón "**Gardar os cambios**".

Cando xa está configurada a "Aula virtual" (Moodle) do teu centro educativo, para instalar e usar a app "**Moodle Mobile**" realiza os seguintes pasos:

- **PASO 1** = Descarga a app "**Moodle Mobile**" no teu dispositivo móbil (smartphone e/ou tablet)
- **PASO 2** = Cando inicies a app por primeira vez no teu móbil (ou tablet), introduce os seguintes datos:
 - **Dirección del sitio** = <https://www.edu.xunta.gal/centros/NOMECENTRO/aulavirtual2>
(substitúe esta dirección, pola dirección URL da aula virtual do teu centro educativo)
 - **Nombre de usuario** = o mesmo usuario que usas para entrar na Aula virtual do teu centro
 - **Contraseña** = o mesmo contrasinal que usas para entrar na Aula virtual do teu centro



The screenshot shows the login interface of the Moodle Mobile app. At the top, there is an orange header with a back arrow and the text "Entrar". Below the header is a white box containing a grey user icon placeholder, the text "Introduzca su nombre de usuario y contraseña para entrar", and the URL "https://www.edu.xunta.gal/centros/curso209/aulavirtual2". Underneath this box are two input fields: "Nombre de usuario" and "Contraseña", each with a placeholder text of the same name. At the bottom, there is a blue button labeled "Entra!".



WEBS Dinámicas
moodle mobile

amtega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica

